

LOIS PEREIRO: A XERACIÓN SEN REDE

Xabier Cordal

Resumo: o autor comeza anotando a marxinalidade forzosa á que nos anos oitenta eran sometidas certas propostas culturais. Analiza despois os paradigmas utilizados pola crítica literaria desde 1976 para marcar as sucesivas xeracións, e advirte que se trata de etiquetas baleiras e descontextualizadas. A seguir, afirma que a conmemoración do *Día das Letras* na honra de Lois Pereiro será un revulsivo. O poeta Lois Pereiro, tocado polo don da verdade, pode ser lido a partir de varias xenealoxías culturais complementarias. Pertenceu a unha *xeración sen rede* nos duros e contrarrevolucionarios 80 e converteuse, de xeito involuntario, en portavoz desa xeración.

Abstract: *the author begins annotating the forced social exclusion to which some cultural proposals were subordinated in the eighties. Then analyzes the paradigms used for literary criticism since 1976 for marking the successive generations, and warns that they deal with empty and decontextualized labels. Later, he states that the commemoration of the Día das Letras in honor of Lois Pereiro will be an incentive. The poet Lois Pereiro, touched by the gift of truth, can be read from several complementary cultural genealogies. He belonged to a generation without a net in the hard and counterrevolutionary 80s and became, in an involuntary way, the spokesman of that generation.*

Palabras chave: Lois Pereiro, biografía, xeración, anos 80, taxonomías, institucións culturais, infortunio, portavoz, *underground*, romantismo, frustración, rede.

Key words: *Lois Pereiro, biography, generation, 80s, taxonomies, cultural institutions, misfortune, spokesman, underground, romanticism, frustration, network.*

Calquera obra que perdura, e a de Lois Pereiro será unha delas, debe sosterse sen biografía. Un poema é inmune á ausencia de asinatura; dificilmente pode vivir sen unha lingua, sen xeografía e sen historia.

Hoxe que nos asolagan felizmente estudos e relatos sobre Lois Pereiro vén ao caso comezar recordando isto: os poderes que aspiraban a ser oficiais nos anos

oitenta puxeron nun segundo e terceiro plano –ou máis directamente, fóra do plano- as propostas pouco dixeribles para a cultura institucional. Referimos por *institucional* non unicamente a Monarquía, a Autonomía, as Deputacións e os Concellos, senón o conxunto de contrapoderes que por aquel tempo aspiraba a regular -de feito regulaba- o groso da cultura galega.

Francisco Macías e o selo Positivas, anos despois, evidenciaron en negativo esa vía estreita apenas posta en cuestión algunha vez por Edicións Xerais. Fronte ao control partidario, institucional e ideolóxico queremos logo falar de xeracións; da xeración real de Lois Pereiro, non das xeracións virtuais que alguén quixo impostar. Resultou un esforzo baldío: os grandes xestos de creación, sendo tamén políticos, van moi por diante da continxencia política.

Calquera persoa allea que tivese que estudar o século XX por un texto de Bacharelato guiaríase sen esforzo desde as Irmandades da Fala seguindo a liña contextual que explica as mortes e renacementos da nosa literatura. Galeguismo, guerra, posguerra e antifranquismo. De súpeto, a narración detense. Un número considerable de manuais descubriron a Fin da Historia antes de Fukuyama. Porque a desaparición súbita das siglas, dos compromisos persoais e colectivos, da descrición do que significaron a autonomía e o Estado borbónico, pareceu querer indicar que, morto o anterior Réxime, empezaba a normalidade. Se a autonomía era un punto de chegada entón cumpría referir a literatura galega coa imaxinaria neutralidade dos tomos *serios* que se corresponden cun sistema nacional, cun Estado. Pero nós non temos Estado. O sistema literario seguiu e segue loitando por existir.

Incluso boa parte do ensaio que se producía na altura, xa non só os libros de texto, partiu en décadas sen valor semántico a poesía escrita desde 1976. A curiosa parcelaria cesou ao chegar o XXI por motivos que fan sorrir: como ninguén falara nunca dunha *década dos 0*, non se designou nova xeración. Afortunadamente, unha nova era –esta si- de estudos poéticos cuxo centro é a universidade compostelá traballa hai anos para que xeracións, ou programas que van máis alá dunha xeración, se desvelen por fin como entidades, alén de poéticas, ideolóxicas. Abondou dedicar as Letras 2011 a Lois Pereiro para que trinta anos de falsa normalidade quedasen ao descuberto. Significou unha decisión valente e un revulsivo.

Os poemas de Lois Pereiro son verdade, érao o seu fío de voz delgado, contínuo e rebelde coma os pequenos regueiros que escoaban polas chabolas de Penamoa despois da borrasca. Son textos a sinalar a ruína, o esfragamento do social, do ético e do cultural, audible por fin desde un corpo roto que se sabe confortado polo único que lle queda, nin sequera o amor, senón a crónica dunha perda sen paliativos.

Así e todo cremos que non foi el quen escolleu erguerse en portavoz dunha xeración. Coa máscara pálida de *la belle dame sans mercy*, a de Chartier ou a de Keats, o seu tempo foi a por el. O poema dixo Rosa Pálida (*Poemas para unha loia*, póstumo, 1997) sen sospeitar quizais que acabaría sendo obrigado a pronunciar o nome contemporáneo daquela cuxo nome é Desgraza e que outorga o don do rigor. Moito antes de Trakl, de Baudelaire e dos románticos advírteo Platón no *Timeo* (88 a): a alma, ao contemplar con gran frecuencia e intensidade as cousas divinas –así a linguaxe-, elévase alí onde o corpo non dá soportado a visión, rematando por destruílo.

Se a ruínosa máscara non lle tivese tocado o ombro nun dos seus paseos nocturnos Lois Pereiro podería seguir vivo e, quen sabe se co selo dun ácido *fabbro* urbano, aprender a arte da distancia con respecto á propia xuventude. Nesa poética ficcional sería naturalmente herdeiro do legado *beat* e vería caer os máis valentes, os máis infortunados, nas beiras da rúa. Pero unha minoría dentro desa minoría que o franquismo fixera chegar tarde a Woodstock non morreu de sobredose, senón que pasou en breve prazo da triste nobreza do opio ao estigma social, moi significativamente cohabitado por homosexuais, prostitutas e enfermos, as novas identidades da exclusión.

Unha traxedia do seu tempo dentro doutra, serodia, tinguira en Galicia iso que aínda chamamos contracultura ou *underground*. O primeiro drama viña prefabricado do océano. Cando o Departamento de Estado dos EE.UU. reaccionou contra a maior ofensiva que un concepto amplo de esquerda levara a cabo desde os albores do sindicalismo, os despachos fomentaron o abuso dalgunhas drogas, identidade e punto débil daquela instalación mundial tan interesada en abrir as portas da mente coma en denunciar a guerra imperialista. Máis eficaces ca as balas destinadas ao movemento estudantil foron os tiros da heroína, como souberon quen hoxe rondan os cincuenta en Euskal Herria, nos portos máis inquietos da nosa terra ou nos vales mineiros do norte de España.

A segunda traxedia medraba inseparable dunha sensación de illamento. Aquí chegaron racionados os discos, as roupas e o amor. Os maiores viñan de perder unha guerra, non de gañala, e o noso país iniciaba o éxodo social e económico máis profundo da súa Historia coa forma dunha migración interior. O fracaso do espírito do 68 sumouse ás frustracións nacionais; produce malestar o simple intento de nomealas porque gañan velocidade agora mesmo: a pervivencia activa do franquismo, o ingreso na OTAN, o desmantelamento industrial, pesqueiro e agrario, a mercantilización da cultura, da vida; a minorización da esquerda que non se resignou a asinar o acordo coa Santa Sede. E ficou pulverizada. Abríronse nichos de inverno en cada barrio e a música de fórmula foi

cegando as conversas. Os oitenta, anos de contra, de retirada, de ironía, de derrota, de acomodación, foron expropiados por Margaret Thatcher. Rambo ocupou o lugar de Ernesto Guevara.

Foi a de Lois Pereiro unha xeración cuxa primeira liña se lanzou ao salto mortal sen rede. El non tivo outro remedio que facelo dúas veces e saudar a morte, esta vez dando pousada a Bach. E a Jim Morrison: cando reparamos en que os textos do poeta son inseparables dalgunhas lendas do rock caemos na conta de que Pereiro é o primeiro, entre nós, en expresar con plenitude a simbiose entre cultura masiva, nomeadamente anglosaxoa, e cultura académica. (O mito de que a creba entre as denominadas alta e a baixa cultura chega coa posmodernidade desexa esquecer que existiron o teatro e a Ilustración.) Con Lois Pereiro moitas xenealoxías culturais son posibles e cada unha delas, por separado, incompletas. Podemos xulgalo desde dentro do idioma e dicir que dialoga con Rosalía de Castro, sempre coa condición de recoñecer na súa sobriedade, a que o alonxa da psalmodia, o peso dos silencios do fundacional *De catro a catro*. Podemos apreciar que é un romántico (en sentido lato case calquera escritor de hoxe o é) que herda a actitude provocadora do simbolismo e a dicción deshumanizada das vangardas; ou podemos, xa que falamos de aparente frialdade, referirnos a Austria (en Galicia unha parte da prosa austriaca inventouna Gonzalo R. Mourullo). No entanto, ao nos dirixir a un público diferente conservamos o esencial afirmando que o poeta se mergullou na escuridade con *The Doors*; que, igual ca Ian Curtis, descubriu que os brazos encarnados da cadeira lunar, a que se cita nun tema de *Waiting for the Sun*, falaba con brillo novo a través do son xélido de Kraftwerk e da innegociable posta en escena dos Pistols.

A través de Pereiro murmura unha xeración perdida. Pero esas palabras que se pronunciaron en ton íntimo, ao fondo dunha rúa cega alfombrada de cabichas, de ouriños, de cristais rotos, conservan a capacidade para ser audibles no futuro. Os textos de Lois Pereiro soan nunha frecuencia demasiado baixa para as radios policiais. Son, polo tanto, na súa subxectividade, unha cota de cidadanía, unha visión. Non parece casual que a *Conversa ultramarina* estea composta por mensaxes breves, liñas escritas ao vivo, in-mediatas, poucos anos antes de que as redes sociais -a rede 2.0- mudasen a nosa percepción da literatura e da multitude. Pereiro, escéptico ante unha tecnoloxía da información aínda pasiva naquel intre no que o seu corpo xa non puido máis, viñera formando parte dun grupo xeracional composto por illas rebeldes, un arquipélago que non abdicou da responsabilidade de resistir ao naufraxio. O seu público estaba no máis alá desa conversa sen destino. Acabou chegando, e leu, multiplicáronse os nodos en progresión civil. Foi a man máis feble a que enmallou a

súa época con elegancia, sen aparente esforzo, o xesto dun home grande que corta a máis fina tansa de herba para poñela nos labios: falando de amor. E de furia.